

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ORDE do 28 de decembro de 2018 pola que se modifica a Orde do 23 de novembro de 2018 pola que se regulan o Rexistro de Entidades Colaboradoras de Pesca Fluvial, o Rexistro de Embarcacións e Artefactos Boiantes de Pesca Fluvial e mais os formularios normalizados que se van empregar en distintos procedementos en materia de pesca fluvial.

O día 5 de decembro de 2018 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 232, a Orde do 23 de novembro de 2018 pola que se regulan o Rexistro de Entidades Colaboradoras de Pesca Fluvial, o Rexistro de Embarcacións e Artefactos Boiantes de Pesca Fluvial e mais os formularios normalizados que se van empregar en distintos procedementos en materia de pesca fluvial.

Na disposición derradeira da dita orde establécese que a súa entrada vigor será aos vinte (20) días naturais da súa publicación no DOG. Por outra banda, o artigo 8.1 recolle de xeito erróneo que as solicitudes de todos os procedementos se presentarán a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

Advertido o erro, cómpre efectuar a modificación pertinente.

Con base no exposto,

DISPOÑO:

Artigo único

A Orde do 23 de novembro de 2018 pola que se regulan o Rexistro de Entidades Colaboradoras de Pesca Fluvial, o Rexistro de Embarcacións e Artefactos Boiantes de Pesca Fluvial e mais os formularios normalizados que se van empregar en distintos procedementos en materia de pesca fluvial, modifícase nos termos sinalados no número seguinte:

Un. O número 1 do artigo 8 (Prazo de presentación de solicitudes) pasa a ter a seguinte redacción:

«1. As solicitudes de todos os procedementos presentaranse a partir da entrada en vigor desta orde».

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

